

Convocatoria da IV edición

Premio María Xosé Rodríguez Galdo á introdución da perspectiva de xénero nos Traballos de Fin de máster da Facultade de CC. Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela

María Xosé Rodríguez Galdo (Ferrol, 1949)

Licenciada e Doutora en Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Catedrática de Historia e Institucións Económicas na USC (1987). Impartiu docencia e desenvolveu a súa investigación na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC (USC). Directora de Cursos de Pos-grao. Socia fundadora do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX). Foi Vicerreitora da USC, Directora do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) e do Centro de Estudos Avanzados.

Foi coordinadora do grupo de investigación RIDHEM (Rede de Investigación en Demografía, Historia Económica e Migracións). Unha das súas liñas de investigación céntrase nos estudos de xénero e benestar, temática que estivo presente en boa parte da súa produción científica. Autora de numerosos traballos, publicados en diferentes revistas e libros, sobre temas de benestar, calidade de vida e empregos do tempo; historia agraria e do mundo rural; historia da poboación e migracións.

Membro do Consello de redacción de Arenal. Revista de Historia de las Mujeres e do Consello Asesor da Revista de Economía de Galicia. Fundadora e Secretaria Editorial da Revista Galega de Estudios Agrarios. Directora das Exposicións Emigración. De mujeres valientes; Galicia e América. Cinco Séculos de Historia; Galicia e Australia. Velloso amigos.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ao obxectivo Nº 7 "Fomentar e difundir a investigación na perspectiva de xénero no marco da USC" do *III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC*, convoca a terceira edición do Premio María Xosé Rodríguez Galdo á Introdución da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Master (TFM). Esta convocatoria ten como obxectivo fomentar a introdución da perspectiva de xénero na vida académico-investigadora do alumnado, como forma de recoñecer e premiar os mellores traballos destas características.

BASES

1. Poderán presentarse a este premio os TFM defendidos e aprobados no centro nos cursos 2021-2022, 2022-2023 e na oportunidade de febreiro do curso 2023-2024.

2. O contido do TFM poderá tratar sobre calquera temática na que se inclúa a perspectiva de xénero na formulación de obxectivos, metodoloxía e desenvolvemento. Valoráranse aspectos como: a inclusión e análise de indicadores de xénero, os resultados e conclusións obtidas.

3. Establécese un único premio de 250 euros, diploma acreditativo e agasallo dun libro da colección *Clásicos do Pensamento Universal*, editado en galego pola USC.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acadara un nivel axeitado poderase declarar o premio deserto.

A entrega do premio farase o día da celebración dos actos do patrón da Facultade (10 de abril de 2024).

O pagamento realizarase por medio dunha transferencia a unha conta bancaria. Do importe do premio practicaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).

4. As persoas concursantes deberán remitir ao mail do Decanato da Facultade de CC. Económicas e Empresariais (ecoade.decanato@usc.es) ata as 14 horas do 8 de marzo de 2024:

- A solicitude (Anexo I) debidamente cuberta.
- Unha copia dixital en formato .pdf do TFM.
- Unha copia en formato dixital do DNI.

Tamén se terán en conta aquelas solicitudes presentadas polo alumnado de máster nas datas de defensa dos TFM dos cursos académicos sinalados no punto 1.

6. A resolución farase pública no taboleiro do Decanato na segunda quincena de marzo de 2024.

7. O xurado dos premios á introdución da perspectiva de xénero dos TFM estará presidido polo decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou persoa en quen delegue, e dúas persoas expertas na incorporación da perspectiva de xénero nos ámbitos da Economía e da Administración e Dirección de Empresas. En ningún caso formará parte do xurado unha persoa que titorice un traballo presentado.

O xurado valorará a introdución do enfoque de xénero, a relevancia da temática tratada, o emprego da linguaxe inclusiva, a calidade na redacción, presentación da información e a estruturación do traballo. A súa decisión é inapelable.

Ao xurado corresponde a interpretación da presente convocatoria, así como a resolución das cuestións non previstas na mesma.

A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nestas bases.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García
Decano

Anexo I

CONVOCATORIA DA IV EDICIÓN DO PREMIO MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS FIN DE MÁSTER FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOME
APELIDOS
DNI
CORREO ELECTRÓNICO
TELÉFONO
ENDEREZO POSTAL
TITULACIÓN
TÍTULO DO TFM
DATA DE PRESENTACIÓN DO TFM
CUALIFICACIÓN DO TFM
TITOR/A DO TFM

Enade.....de 2024

Asdo:.....

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 09/02/2024 14:52:02.

CSV: 463C-30EB-4051-B0CF